

## **José Blanco López**

**Nace en Palas de Rey en xaneiro de 1962. Está casado e ten dous fillos.**

**Por motivos laborais a súa familia trasládase a Lugo onde cursa EXG e o Bacharelato no Instituto Público Xoán Montes.**

**En Santiago inicia os estudos de Dereito desde onde se incorpora a traballar na Secretaría de Organización do PSdeG-PSOE.**

**A súa inqueda política iníciase sendo moi novo. Afiliase ao PSOE en 1978.**

**Xa como Secretario Xeral das Xuventudes Socialistas de Galicia sae elixido Presidente do Consello da Xuventude de Galicia. Fundador do centro de Estudos de Xuventude e Sociedade.**

**Foi membro da comisión executiva galega do PSdeG-PSOE e Secretario Xeral dos Socialistas en Lugo.**

**Nas eleccións xerais de 1989 sae elixido senador, o máis novo da cámara alta na IV lexislatura. Acta que revalida nas eleccións de 1993.**

**En 1996 encabeza a candidatura do PSOE por Lugo ao Congreso dos Deputados, obtendo o escano que revalidou nas seguintes convocatorias.**

**Coordinador do grupo Nueva Vía que consegue os apoios que elixen a Rodríguez Zapatero como novo líder dos socialistas no 35 congreso federal.**

**Nese mesmo congreso do ano 2000 é elixido Secretario de Organización e Acción Electoral desde onde moderniza a estrutura do partido.**

**Coordina todas as campañas electorais do PSOE a nivel nacional desde o 2003.**

**No 36 congreso federal (ano 2004) é elixido Secretario de Organización e Coordinación da Comisión Executiva Federal do PSOE, responsabilidade que desempeña ata o 37 congreso no que é nomeado Vicesecretario Xeral do PSOE.**

**Desde este ano 2009 ocupa a carteira de Ministro de Fomento no Goberno de España, desde onde ten reafirmado o seu compromiso con Galicia e con Lugo.**